

XOGOS DO MUNDO

INTRODUCCIÓN	2
PROCESO	3
TAREFAS	4
RECURSOS	5
CONCLUSIONES	6
AVALIACIÓN	7
GUÍA DIDÁCTICA	8

INTRODUCCIÓN



Como parte do proxecto de interculturalidade que se está a levar a cabo no colexio, propoñémosvos dende o equipo de TICs unha nova web quest.

Neste caso debedes buscar algúns xogos do mundo, intentando que estean representados tódolos continentes e que os xogos sexan sinxelos para poder practicalos cos recursos dos que dispomos na escola.

Con esta información se elaborará un ficheiro de xogos que servirá ós máis pequenos para disfrutar máis dos recreos e coñecer un pouco mellor a que xogan os nenos doutras partes do mundo.

Esperamos disfrutedes con este proxecto e aprendades xogos cos que pasalo ben cos compañeiros.

PROCESO



Para este proxecto se dividirá ó grupo por continentes para que poidamos crear un ficheiro o máis amplo posible.

Cada equipo debe buscar un mínimo de 6 xogos do continente que se lle propuxo e elaborar unha ficha de cada un deles na que aparezan os seguintes datos:

- Nome do xogo.**
- Lugar de procedencia.**
- Número de xogadores.**
- Materiais.**
- Obxectivos do xogo e regulamento.**

Para atopar esta información debedes utilizar as webs que se vos propoñen no apartado recursos ou os buscadores que xa coñeces escribindo “xogos do mundo de...” e a continuación o continente que teñades que estudar.

TAREFAS



Nesta web quest se vos pide que busquedes información sobre os xogos do mundo do continente que vos foi asignado. Unha vez realizado isto debedes realizar as seguintes tarefas:

- Elaborar un ficheiro de xogos por continentes no que se inclúan as informacións explicadas no apartado Proceso. Podedes utilizar a ficha que se vos propón a continuación ou elaborar unha propia que se axuste máis á información que ides atopando.

FICHEIRO XOGOS

- En caso de haberes máis dun grupo por continente, unha vez atopada a información vos xuntaredes para por en común os xogos atopados e así non buscar información por duplicado.

- Unha vez realizado o ficheiro se intentarán levar a cabo algúns dos xogos durante os recreos do colexio. Seredes os encargados de explicarlles ós máis pequenos os xogos e realizaremos gymkanas nas que participen aqueles alumnos que o desexen.

RECURSOS



Juegos del mundo, Juegos contra la discriminación

Juegos de todas partes

Juegos del mundo, juegos populares y juegos tradicionales

Asociación Europea de Juegos y Deportes

CONCLUSIONES



Con esta web quest pretendemos, sobre todo, que vos divirtades co proxecto e que aprendades xogos cos que disfrutar nos vosos momentos de lecer.

Tamén é importante que compartades esta información cos compañeiros de menor idade para que os recreos e momentos de xogo do colexio sexan o máis satisfactorios posibles e teñan distintas posibilidades para xogar con recursos limitados ou ata con ningún recurso.

Con este proxecto ademais se consegue que vexamos como se divirten os nenos noutros lugares do mundo e comprobar que moitos dos xogos que nós coñecemos de toda a vida, tamén os realizan nenos en lugares do mundo moi distintos ó noso.

En definitiva, esperamos disfrutedes moito do proxecto e que aprendades moito sobre os lugares que temos ó noso arredor e o interesante que hai en cada un deles.

AVALIACIÓN



Para avaliar este proxecto teranse en conta os seguintes criterios:

- Que haxa o número mínimo de xogos por continente.**
- Que sexa posible realizalos cos recursos que temos na escola e nos espazos dos que dispoñemos.**
- Que estean ben axustados ás idades dos nenos do centro (3 a 12 anos).**
- Que sexan o máis amenos posibles e sinxelos de comprender polos alumnos ós que van dirixidos.**
- E, o máis importante, o que disfrutáchedes e aprendíchedes co proxecto xa que esta é a finalidade básica de que se leve a cabo.**
- Ademais, tamén será moi importante que todos disfrutemos cos xogos e que perduren co tempo como parte tamén da vida diaria do cole.**